

d) Data: a apertura dos sobres B terá lugar, en acto público, o sétimo día hábil (7) seguinte ao da finalización do prazo de presentación das ofertas, a non ser que fose sábado, caso en que se prorrogará o prazo ao primeiro día hábil seguinte.

A apertura dos sobres C terá lugar, en acto público, o décimo segundo día hábil (12) seguinte ao de remate do prazo de presentación de ofertas. De coincidir este en sábado, pasará ao seguinte día hábil.

e) No perfil do contratante (<http://www.contratos-degalicia.es/resultado.jsp?N=13697>) publicarase o lugar e a hora do acto público de apertura dos sobres B e C, así como calquera posible variación das datas antes indicadas.

10. Gastos do anuncio: este anuncio será por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2010.

P.D. (Artigo 1 da Orde do 19 de agosto de 2009)
Cristina Ortiz Dorda
Secretaría xeral da Consellería de Traballo e Benestar

Edicto do 4 de marzo de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se notifican diversas resolucións xestionadas neste departamento territorial.

No uso das competencias atribuídas a este departamento territorial, e en virtude do disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ao seren devoltas polo servizo de correos as notificacións enviadas no seu día coas resolucións ditadas nos procedementos instados polos interesados, requírense as persoas citadas no anexo para que no prazo de 10 días contados desde o seguinte ao da data de publicación deste edicto comparezan persoalmente ou debidamente representados, no Servizo de Promoción do Emprego do Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña (rúa Fernández Latorre, nº 132, 1º), das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o devandito prazo sen efectuarse a comparecencia, as notificacións entenderanse producidas desde o día seguinte.

A Coruña, 4 de marzo de 2010.

Luis Alberto Álvarez Freijido
Xefe territorial da Coruña

ANEXO

Apelidos e nome	DNI/NIE	Nº expediente	Resolución
Ramos Lucas, Micael Andrade	X5883300D	TR341D 2009/1757-1	Desistencia
Ramos Lucas, Micael Andrade	X5883300D	TR341D 2009/1758-1	Desistencia

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Resolución do 9 de marzo de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se anuncia a aprobación do acordo da zona de concentración parcelaria de Baio (Zas-A Coruña).

Ponse en coñecemento de todos os interesados na concentración parcelaria da zona de Baio (Zas-A Coruña), declarada de utilidade pública e urxente execución polo Decreto do 24 de setembro de 1993, o seguinte:

Primeiro.-O 22 de xaneiro de 2010, o director xeral de Desenvolvemento Rural aprobou o acordo de concentración parcelaria da devandita zona logo de introducir no proxecto as modificacións oportunas á vista do resultado da enquisa deste último.

Segundo.-O acordo de concentración será notificado individualmente a cada un dos afectados e está exposto ao público no Concello de Zas e na zona. Os documentos que se poden examinar no citado concello refírense aos predios de substitución onde constan as situacións xurídicas derivadas das parcelas de procedencia, as fichas de atribucións, os planos e outros.

Tercero.-Contra o acordo os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural dentro do prazo de trinta días, que contarán desde a notificación persoal ou publicación substitutiva. Os recursos poderán presentarse neste departamento territorial (edificio administrativo Monelos, praza Luís Seoane, s/n, A Coruña), nas oficinas centrais da consellería (San Caetano, s/n, Santiago de Compostela) ou en calquera das dependencias ás que fai referencia o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A Coruña, 9 de marzo de 2010.

Enrique Luis de Salvador Sánchez
Xefe Territorial da Coruña

Resolución do 16 de marzo de 2010, do Departamento Territorial de Ourense, pola que se fai pública a aprobación das bases definitivas de concentración parcelaria da zona de Congostro (Rairiz de Veiga-Ourense).

O xefe do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Ourense pon en coñecemento dos interesados na concentración parcelaria da zona de Congostro (Rairiz de Veiga-Ourense), declarada de utilidade pública e urxente execución polo Decreto 62/1992 do 6 de marzo (DOG nº 52 do 16 de marzo), que a xunta